NAT	CNB1.1.1. Manifiesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
NAT	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
NAT	CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.
NAT	CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.
NAT	CNB4.2.2 Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.

COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
NAT	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
NAT	CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
NAT	CNB4.2.1 Realiza experiencias sinxelas sobre os efectos da aplicación dunha forza en situacións da vida cotián.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
NAT	CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
NAT	CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
NAT	CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
NAT	CNB2.2.1. Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.
NAT	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
NAT	CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.
NAT	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola.
NAT	CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
NAT	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que

	producen na vida cotiá.
NAT	CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
NAT	CNB5.1.3. Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas.

5. Procedementos e instrumentos de avaliación

Trátase de elaborar unha relación, como neste exemplo, da diversidade de procedementos e instrumentos que permiten avaliar o alumno/a nesta área:

Procedementos				
	<i>Escritos</i>	<i>Orais</i>	<i>Observación directa e sistemática</i>	<i>Outros</i>
I n s t r u m e n t o s	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase. • Caderno da clase do alumno. • Actividades de avaliación (fichas para fotocopiar, probas escritas individuais...). • Traballos de grupo. • Resolución de exercicios e problemas. • Actividades interactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Preguntas individuais e de grupo. • Participación do alumno/a. • Intervencións na clase. • Postas en común. • Probas orais individuais. • Exposicións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistros anecdóticos persoais. • Rexistros de incidencias. • Ficha de rexistro individual. 	Caderno do profesor

6. Criterios de cualificación

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno/a de Segundo Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Esta proposta pode servir como referente:

	<i>Criterios</i>
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none">• Realización sen axuda externa.• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.• Orde e limpeza na presentación.• Caligrafía.• Destrezas.• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.• Valoración entre o traballo da aula e o da casa.• Creatividade.
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none">• Valoración da aprendizaxe dos contidos.• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.• Valoración do tempo investido e do tempo necesario para resolver unha actividade.• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.• Caligrafía lexible.• Tempo de realización.• Destrezas.
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none">• Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para

	<p>buscar información sinxela ou resolver unha actividade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tipo de participación (autónoma, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación.
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de respostas...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de léxico apropiado. • Comportamento. • Esforzo. • Interese.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e de como se levou a cabo.
6. Arquivo de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Traballos actualizados. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo

7. Metodoloxía

A área de Ciencias da Natureza, a partir do recoñecemento da propia identidade e da contorna máis próxima, inicia os alumnos no coñecemento, na análise e na valoración da contorna física.

O ensino da área toma como base para futuras aprendizaxes os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto coa contorna. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como ao coñecemento e coidado da contorna natural.

Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia entre diferentes pensamentos. Ao redor destas diverxencias é onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas dos alumnos.

A observación sistemática en situacións diversas e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias da Natureza.

A **integración das competencias e das intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nos **proxectos** específicos trimestrais.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo e da selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que vaian utilizar, así como respecto da elaboración e da presentación do proxecto, da súa corrección e, finalmente, da exposición. Todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo, que permite desenvolver tanto a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas e a reflexión sobre as propias ideas.

Á hora de avaliar, a **rúbrica de avaliación** convértese, para o docente, nun instrumento ou guía dunha serie de criterios avaliábeis de coñecementos e competencias, en distintos graos de consecución, logrados polo alumno ou alumna.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumnado, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, favorecer a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de sínteses e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen o seguinte:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para os alumnos de Segundo Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas

propias da materia.

- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, **tarefas integradas**, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Divídense en niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.

8. Ensinanzas transversais de Segundo Curso

Educación para a igualdade entre os sexos

- Recoñecer distintas profesións evitando calquera estereotipo sexista.

Educación do consumidor

- Reducir o uso de materiais e practicar a súa reutilización e reciclaxe.
- Reducir o consumo de enerxía e coñecer as enerxías non-contaminantes.

Educación ambiental

- Coñecer o medio como un sistema no que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el e de modificalo.
- Adoptar pautas de comportamento na vida cotiá para a defensa do medio.

Educación para a saúde

- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano e que melloran a calidade de vida.

Educación para a paz

- Utilizar o diálogo e o debate para a resolución de conflitos.

Educación moral e cívica

- Tomar conciencia das nosas diferenzas (capacidades, habilidades, limitacións...) e valoralas positivamente.

Educación para o lecer

- Demostrar actitudes positivas no desenvolvemento do tempo de lecer.
- Planificar xogos e actividades para o tempo de lecer.

9. Atención á diversidade («Detectámolo a tempo!»)

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos. Deseguido móstrase un exemplo:

Atención á diversidade

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición das competencias por parte do alumnado.
- **AMPLIACIÓN:** fichas para fotocopiar con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do ciclo etc.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS:** dirixidos aos alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma aula posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.
- **ENSINANZA CON TITOR.**
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

10. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e para desenvolver a expresión oral e escrita

Lectura:

- Textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes e/ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción e revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

11. Estratexias para incorporar as TIC na aula

Para incorporar as TIC na aula propuxéronse unha serie de recursos **integrados** cos contidos e coas actividades de Ciencias da Natureza para Segundo Curso, aos que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CIENCIAS

SOCIAIS

EP Segundo Curso

1. Obxectivos en clave de Competencias do Segundo Curso

1. Comprender a organización social da contorna próxima, as funcións dos organismos principais e a importancia da participación cidadá. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía, Iniciativa emprendedora / Intelixencias lingüística e verbal, visual e espacial e intrapersoal).
2. Coñecer as distintas características da contorna próxima, identificando tanto as persoas que traballan nela como as manifestacións culturais desta. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
3. Coñecer as diferentes formas de relación dos membros dunha comunidade. Sopesar as accións que puidesen alterar a convivencia cívica valorando a importancia dunha convivencia pacífica, tolerante e respectuosa. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
4. Adquirir hábitos de comportamento cívico e viario adecuados en todas as contornas nas que se desenvolve para actuar como cidadán e peón e para convivir coas persoas da súa contorna. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
5. Identificar a auga como elemento natural, as súas características, propiedades e procesos, e a súa relación co resto dos seres vivos, analizando os usos que o ser humano fai da auga e adoptando actitudes que impulsen a súa protección e a súa conservación. (Iniciativa emprendedora e Sociais e cívicas / Intelixencias intrapersoal e interpersoal).
6. Identificar paisaxes (naturais: montaña e costa), as súas características e os seus elementos e os axentes responsables das súas transformacións, así como as actividades humanas que orixinan desequilibrios nela, xerando actitudes de defensa, respecto e recuperación do medio natural. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
7. Describir, clasificar e diferenciar propiedades e características sinxelas dalgúns minerais e os usos aos que se destinan. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
8. Identificar, describir e empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na súa contorna máis próxima. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).
9. Coñecer os cambios que se producen nas persoas, na sociedade e na contorna co paso do tempo, ser capaz de ordenalos cronoloxicamente dunha maneira moi básica utilizando nocións temporais sinxelas e os elementos adecuados.
10. Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía, Sociais e cívicas, Aprender a aprender / Intelixencia lóxica e matemática, interpersoal e intrapersoal).

11. Utilizar diversas fontes e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de forma guiada, para obter información, aprender e compartir coñecementos do ámbito social. (Dixital / Intelixencias lingüística e verbal e visual e espacial).
12. Participar en situacións de grupo escoitando, valorando e respectando as achegas de cada un dos membros, adoptando un comportamento construtivo e solidario. (Iniciativa emprendedora e Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).
13. Planificar proxectos sinxelos de maneira guiada, tomando decisións con autonomía e responsabilidade. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal).

2. Secuencia e temporalización de Contidos, Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe avaliados de Segundo Curso

COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		Unidades didácticas en que se desenvolven: todas
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Bloque 1. Contidos comúns</p> <p>1. Recollida de información do tema que hai que tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas). - Iniciación á utilización das TIC para buscar e seleccionar información.</p> <p>2. Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes. - Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficas, de maneira guiada e con modelos sinxelos.</p> <p>3. Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. - Fomento de técnicas de animación á lectura de textos sinxelos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico).</p> <p>4. 5. 6. 7. 8. Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo. - Uso e utilización correcta de diversos materiais cos que se traballa. - Planificación e xestión de proxectos sinxelos e de maneira guiada, co fin de alcanzar obxectivos.</p>	<p>1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</p> <p>2. Utilizar, de maneira guiada, as TIC para obter información, aprender e expresar contidos sobre as Ciencias Sociais.</p> <p>3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.</p> <p>4. Realizar traballos e presentacións de maneira sinxela e guiada, a nivel individual, por parellas e en grupo, que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como en equipo.</p>	<p>1.1. Busca, selecciona e organiza, de maneira guiada, información relacionada coas Ciencias Sociais e comunícaa oralmente.</p> <p>2.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p> <p>2.2. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.</p> <p>3.1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.</p> <p>3.2. Identifica e utiliza a terminoloxía propia da área.</p> <p>3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos sinxelos orais e/ou escritos.</p> <p>4.1. Realiza traballos e presentacións sinxelas, a nivel individual e de grupo, que supoñen a procura, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.</p>

<p>9. Iniciativa emprendedora.</p> <p>10. Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.</p>	<p>5. Valorar o traballo en grupo mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.</p> <p>6. Respetar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.</p> <p>7. Participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos.</p> <p>8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.</p> <p>9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e para presentar conclusións innovadoras.</p> <p>10. Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.</p>	<p>5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>5.2. Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, respecta os principios básicos do funcionamento democrático e valora o esforzo e o coidado do material.</p> <p>6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.</p> <p>7.1. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.</p> <p>7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas (escola, familia, barrio etc.).</p> <p>8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.</p> <p>9.1. Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean.</p> <p>9.2. Manifesta autonomía na planificación e na execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p> <p>10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.</p> <p>10.2. Planifica traballos en grupo, coordina</p>
---	--	--

		equipos, toma decisiones e acepta responsabilidades.
--	--	--

PRIMEIRO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolven: 1, 2
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Bloque 3. Vivir en sociedade</p> <p>1. O concello. Os seus servizos básicos. O exercicio activo da cidadanía.</p> <p>2. A localidade: o concello e os servizos públicos.</p>	<p>1. Comprender a organización social da súa contorna próxima (barrio, localidade, concello etc.).</p> <p>2. Coñecer, de maneira sinxela, as funcións de diversos organismos e a importancia da participación cidadá.</p>	<p>1.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p> <p>1.2. Explica que é unha localidade, mostrando interese polo coñecemento da súa.</p> <p>1.3. Identifica e describe os costumes, a forma de vida e a organización social da súa localidade.</p> <p>1.4. Manifesta, en diferentes situacións, a súa satisfacción pola pertenza a un grupo (clase, colexio, equipo deportivo etc.).</p> <p>1.5. Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.</p> <p>2.1. Identifica as responsabilidades e algunhas tarefas das institucións locais.</p> <p>2.2. Describe de maneira elemental o funcionamento das institucións no seu ámbito máis próximo.</p> <p>2.3. Explica distintas formas de goberno da súa localidade.</p> <p>2.4. Identifica algúns tipos de edificios urbanos e coñece as súas funcións.</p> <p>2.5. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.</p> <p>2.6. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.</p>

<p>3. Manifestacións culturais populares.</p>	<p>3. Recoñecer diferentes manifestacións culturais e as obras máis representativas do patrimonio artístico, cultural e histórico da súa localidade desenvolvendo actitudes que contribúan á súa valoración e conservación.</p>	<p>3.1. Mostra interese pola súa lingua, cultura e costumes respectando as diferenzas con outras culturas.</p> <p>3.2. Valora e respecta o patrimonio artístico, histórico e cultural e asume a responsabilidade que supón a súa conservación.</p> <p>3.3. Recoñece as obras máis representativas do patrimonio artístico, cultural e histórico da súa localidade.</p> <p>3.4. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore... propias da escola, da cidade, de Galicia así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.</p>
<p>4. Educación viaria.</p>	<p>4. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que ten que recoñecer un peón valorando a importancia da mobilidade na vida cotiá.</p>	<p>4.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.</p> <p>4.2. Explica o significado dalgúns sinais de tráfico e recoñece a importancia de respectalos.</p> <p>4.3. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.</p>
<p>5. As profesións.</p>	<p>5. Describir os traballos das persoas da súa contorna e identificar as profesións máis frecuentes relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.</p>	<p>5.1. Describe os traballos das persoas da súa contorna identificando as profesións máis comúns.</p> <p>5.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que dan servizos.</p> <p>5.3. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lles prestan á poboación.</p> <p>5.4. Enumera os traballos que interveñen no proceso de produción e distribución dalgúns produtos de consumo cotián.</p>

SEGUNDO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolven: 3, e 4
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
1. Medios de comunicación. - A publicidade.	1. Recoñecer as características dos medios de comunicación de masas, identificando o papel dos medios na vida cotiá.	1.1. Enumera distintos medios de comunicación interpersoais e de masas. 1.2. Interpreta informacións sinxelas de diferentes medios de comunicación iniciándose no tratamento da información con medios informáticos. 1.3. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. 1.4. Desenvolve unha actitude crítica ante os anuncios publicitarios da televisión e o control do tempo dedicado a ela.
2. O medio natural e o ser humano.	2. Explicar, de maneira sinxela, os elementos que forman o medio natural identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios nela e despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación do medio natural.	2.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativas destes.
3. A paisaxe natural: montaña e costa.	3. Explicar as consecuencias da acción humana sobre a paisaxe natural, identificando as semellanzas e diferenzas entre paisaxe natural e urbana.	3.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima. 3.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das paisaxes de interior. 3.3 Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.
4. Orientación espacial: nocións básicas.	4. Utilizar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaxo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior etc.) para orientarse na súa contorna máis próxima.	4.1. Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseña posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. 4.2. Describe o percorrido do Sol no ceo e elabora estratexias básicas para orientarse.

TERCEIRO TRIMESTRE		Unidades didácticas en que se desenvolven: 5 e 6
Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>1. A auga: propiedades e estados.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O ciclo da auga. - Lugares onde aparece. - Usos. <p>2. Rochas e minerais. Diversidade. Clasificación.</p>	<p>1. Recoñecer a auga como elemento natural, as súas características, propiedades e procesos e a súa relación co resto dos seres vivos, analizando os usos que o ser humano fai da auga.</p> <p>2. Identificar rochas e minerais, clasificándoos segundo a cor e a forma.</p>	<p>1.1. Explica as propiedades da auga e os seus diferentes estados e realiza experiencias sinxelas.</p> <p>1.2. Identifica o ciclo da auga coa axuda de esquemas e debuxos e explica como a auga está en continuo movemento.</p> <p>1.3. Diferencia entre auga potable e non-potable relacionándoas cos seus diferentes usos.</p> <p>1.4. Identifica lugares onde hai auga, coñece os seus usos e a importancia que ten para os seres vivos.</p> <p>1.5. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.</p> <p>1.6. Diferencia as principais partes dun río.</p> <p>1.7. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.</p> <p>1.8. Explica como a auga que hai na natureza cambia de estado coa calor e co frío.</p> <p>2.1. Describe, de maneira sinxela, rochas e minerais clasificándoos segundo a cor, a forma e a plasticidade.</p> <p>2.2. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.</p>

<p>3. Nocións de duración, sucesión e simultaneidade.</p> <p>4. 5. 6. Restos do pasado: coidado e conservación.</p>	<p>3. Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e simultaneidade, observando as manifestacións máis palpables destes cambios.</p> <p>4. Identificar distintas etapas da historia dos seres humanos, distinguindo obxectos antigos de obxectos modernos.</p> <p>5. Recoñecer a cultura e o patrimonio como forma de lecer, aprendendo sobre a contorna que nos rodea e comprendendo a importancia da súa conservación.</p> <p>6. Coñecer que é un museo, saber cal é a súa finalidade e valorar o seu papel gozando coa contemplación de obras artísticas.</p>	<p>calendario.</p> <p>2.3. Utiliza o calendario como representación do paso do tempo.</p> <p>2.4. Localiza e sitúa datas significativas no calendario.</p> <p>2.5. Recolle información, de forma guiada, sobre a orixe do calendario e os seus tipos usando diferentes recursos tecnolóxicos.</p> <p>3.1. Entende e utiliza nocións básicas de tempo histórico que denotan sucesión e simultaneidade.</p> <p>3.2. Comprende as relacións de simultaneidade e sucesión dos acontecementos.</p> <p>3.3. Ordena algunhas das súas actividades diarias en función da noción de duración.</p> <p>3.4. Establece relacións entre as distintas formas de medir o tempo.</p> <p>4.1. Clasifica imaxes de monumentos segundo o período histórico ao que pertencen e ordénaas cronoloxicamente.</p> <p>4.2. Sitúa correctamente un feito ou un obxecto no tempo pasado, presente ou futuro.</p> <p>5.1. Recoñece o pasado a través de restos históricos na contorna próxima.</p> <p>5.2. Identifica o patrimonio cultural como algo que hai que coidar e legar.</p> <p>5.3. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.</p> <p>6.1. Explica que é un museo e cales son as súas funcións.</p> <p>6.2. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.</p> <p>6.3. Respecta e asume o comportamento que se debe cumprir cando se visita un museo ou un edificio antigo.</p> <p>6.4. Recoñece os museos como lugares para conservar a memoria do pasado.</p>
---	---	---

7. Personaxes da historia.	7. Explicar a importancia do pasado histórico, mostrando interese polo estudo de feitos e personaxes do pasado.	7.1. Obtén informacións diversas sobre o pasado e transmite de forma organizada o que sobre este se estudou. 7.2. Identifica persoas e feitos do pasado e mostra interese polo seu estudo. 7.3. Mostra interese por feitos ocorridos no pasado e polos personaxes históricos, realizando investigacións sinxelas sobre eles.
----------------------------	---	--

4. Criterios de promoción de Segundo Curso

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
MAT	Comunica verbalmente o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas en contextos da contorna escolar e familiar.
MAT	Comprende, coa axuda de pautas, o enunciado de problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema) da contorna escolar e familiar.
MAT	Explica de forma oral os procesos seguidos na medición e tratamento de lonxitudes, capacidades e masas na contorna escolar e familiar.
MAT	Describe posicións e movementos na contorna escolar en relación consigo mesmo e con outros puntos de referencia (diante-detrás, arriba-abaixo, dereita-esquerda, dentro-fóra etc.).
MAT	Recoñece e nomea na contorna escolar e familiar figuras planas de tres, catro, cinco e seis lados.
MAT	Comprende e describe posicións e percorridos na contorna escolar e na vida cotiá e interpreta representacións espaciais deles en esbozos de itinerario, planos etc. utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, recta, xiro e paralelismo.
MAT	Realiza un percorrido na contorna escolar a partir dunha información oral que inclúa os conceptos esquerda-dereita, diante-detrás, recta, xiro e paralelismo describindo a posición final e os movementos realizados.
MAT	Compara lonxitudes, capacidades e masas na contorna escolar e familiar utilizando instrumentos adecuados habituais da aula e expresando o resultado en función do instrumento elixido.
MAT	Resolve problemas sinxelos xurdidos da medición de lonxitudes, capacidades e masas na contorna escolar e familiar expresando o resultado en función do instrumento elixido e

	explicando oralmente o proceso seguido.
LGL	Participa en situacións de conversa da aula.
LGL	Respecta as normas do intercambio lingüístico.
LGL	Expresa oralmente dunha maneira organizada feitos, vivencias, ideas.
LGL	Participa en situacións de conversa da aula.
LGL	Respecta as normas do intercambio lingüístico.
LGL	Usa a lingua oral galega en asembleas, diálogos e como forma de comunicación cos demais e de expresión das súas ideas e pensamentos persoais.
LGL	Transmite as ideas con claridade e coherencia.
LGL	Emprega recursos lingüísticos (entoación e ton de voz) e non-lingüísticos (xestuais e corporais) para comunicarse nas interaccións orais.
LGL	Amosa unha actitude de escoita activa (mantén o contacto visual, adopta unha postura adecuada...), evitando repetir o que xa se dixo.
LGL	Entende o sentido dos elementos básicos do texto (vocabulario e orde).
LGL	Utiliza nas súas expresións un vocabulario axeitado para a súa idade.
LGL	Capta o sentido dun texto oral de uso habitual (mensaxes, horarios, instrucións, normas...) realizando actividades relacionados cos citados textos (preguntas, opinión...).
LGL	Identifica a información máis relevante dun texto oral.
LGL	Realiza inferencias directas na lectura de textos.
LGL	Relaciona con exemplos concretos informacións obtidas de textos escritos con ideas ou vivencias propias.
LGL	Reescribe textos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros, planificándoos e revisándoos.
LGL	Coñece e reproduce textos de tradición oral e literatura infantil.
LGL	Identifica dunha maneira guiada algúns cambios que se producen nas palabras, nos enunciados e nos textos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.
LGL	Comprende a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas con comprensión de textos.
LGL	Utiliza a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas coa comprensión e a produción de textos.
LGL	Lembra algunhas ideas básicas dun texto escoitado e exprésaa oralmente, respondendo preguntas dadas sobre ese texto.
LGL	Descobre a lectura como fonte de ocio e le, voluntariamente, textos da biblioteca de aula, de centro, da localidade...
LGL	Coñece referencias bibliográficas: ilustracións. Identifica as ilustracións como parte da lectura elixida.
LGL	Escribe textos breves propios do ámbito da vida cotiá: notas, felicitacións, convites... imitando textos modelo.

LGL	Coñece as primeiras clases de palabras identificando a súa función dentro de textos sinxelos e aplica as primeiras normas de ortografía.
LGL	Coñece formas verbais sinxelas utilizadas diariamente.
LGL	Incorpora, na súa expresión oral, novo vocabulario relativo a ámbitos próximos: rutinas escolares e familiares, afeccións e gustos persoais, aspectos do contorno inmediato...
LGL	Iníciase na formación de novas palabras, seguindo modelos previamente establecidos na aula.
LGL	Identifica textos sinxelos como o conto, o poema e o refrán.
LGL	Recoñece as comparacións en textos sinxelos.
LGL	Participa na creación de textos literarios moi sinxelos e breves de forma oral e colectiva, coa axuda do mestre/a.
LGL	Coñece as diferentes linguas de España e é consciente da realidade plurilingüe do mundo.
LGL	É consciente dos usos sexistas e discriminatorios evidentes na linguaxe.
LGL	Participa en situacións de conversa da aula.
LGL	Respecta as normas do intercambio lingüístico.
LGL	Expresa oralmente dunha maneira organizada feitos, vivencias, ideas.
LGL	Participa en situacións de conversa da aula.
LGL	Respecta as normas do intercambio lingüístico.
LGL	Usa a lingua oral galega en asembleas, diálogos e como forma de comunicación cos demais e de expresión das súas ideas e pensamentos persoais.
LGL	Transmite as ideas con claridade e coherencia.
LGL	Emprega recursos lingüísticos (entoación e ton de voz) e non-lingüísticos (xestuais e corporais) para comunicarse nas interaccións orais.
LGL	Amosa unha actitude de escoita activa (mantén o contacto visual, adopta unha postura adecuada...), evitando repetir o que xa se dixo.
LGL	Entende o sentido dos elementos básicos do texto (vocabulario e orde).
LGL	Utiliza nas súas expresións un vocabulario axeitado para a súa idade.
LGL	Capta o sentido dun texto oral de uso habitual (mensaxes, horarios, instrucións, normas...) realizando actividades relacionados cos citados textos (preguntas, opinión...).
LGL	Identifica a información máis relevante dun texto oral.
LGL	Realiza inferencias directas na lectura de textos.
LGL	Relaciona con exemplos concretos informacións obtidas de textos escritos con ideas ou vivencias propias.
LGL	Reescribe textos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros, planificándoos e revisándoos.
LGL	Coñece e reproduce textos de tradición oral e literatura infantil.
LGL	Identifica dunha maneira guiada algúns cambios que se producen nas palabras, nos enunciados e nos textos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.
LGL	Comprende a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas con

	comprensión de textos.
LGL	Utiliza a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas coa comprensión e a produción de textos.
LGL	Lembra algunhas ideas básicas dun texto escoitado e exprésaa oralmente, respondendo preguntas dadas sobre ese texto.
LGL	Descobre a lectura como fonte de ocio e le, voluntariamente, textos da biblioteca de aula, de centro, da localidade...
LGL	Coñece referencias bibliográficas: ilustracións. Identifica as ilustracións como parte da lectura elixida.
LGL	Escrebe textos breves propios do ámbito da vida cotiá: notas, felicitacións, convites... imitando textos modelo.
LGL	Coñece as primeiras clases de palabras identificando a súa función dentro de textos sinxelos e aplica as primeiras normas de ortografía.
LGL	Coñece formas verbais sinxelas utilizadas diariamente.
LGL	Incorpora, na súa expresión oral, novo vocabulario relativo a ámbitos próximos: rutinas escolares e familiares, afeccións e gustos persoais, aspectos do contorno inmediato...
CN	Busca información concreta sobre feitos naturais da súa contorna máis próxima utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular etc.) e consultando documentos escritos sinxelos, imaxes e gráficos e comunícaa oralmente, con axuda.
CN	Expón oralmente, de forma pautada, experiencias e tarefas utilizando con claridade e adecuación o vocabulario específico traballado.
CS	Recolle e comprende información dos feitos e fenómenos dados e comunícaa oralmente ou por escrito.
CS	Coñece e utiliza o vocabulario adquirido para realizar actividades do tema tratado.
CS	Expón oralmente, de forma clara, contidos relacionados coa área en situacións de clase.
CS	Describe de forma escrita as características do Sol, da Lúa e das estrelas (por exemplo mediante un organizador gráfico).
CS	Explica sinxelamente de forma oral, apoiándose en imaxes, o movemento de translación terrestre describindo as estacións como consecuencia deste movemento.
CS	Explica sinxelamente de forma oral, apoiándose en imaxes, o movemento de rotación describindo a sucesión do día e da noite como consecuencia deste movemento.
CS	Describe de forma oral, apoiándose en imaxes, a translación da Lúa e distingue as diferentes formas que presenta segundo a fase na que está.
CS	Identifica nunha imaxe que representa a Terra o que é terra firme, auga e atmosfera indicando o nome de cada parte.
CS	Enumera de forma escrita algunhas características do aire.
CS	Identifica o osíxeno como un elemento imprescindible para a vida.
CS	Recoñece o ciclo da auga coa axuda de imaxes, explica de forma oral como a auga está en continuo movemento e asócio ao cambio de estado.
CS	Observa imaxes de paisaxes e identifica os seus elementos clasificándoos segundo sexa

	paisaxe de montaña, de chaira e de costa (por exemplo mediante un organizador gráfico).
CS	Discrimina o persoal docente e non-docente nun centro educativo e coñece as súas funcións e expresa de maneira oral/escrita algunha delas.
CS	Recoñece e nomea os xentilicios da súa localidade, provincia e dalgunhas provincias españolas, así como algunhas nacionalidades europeas próximas ou mundiais que puidesen estar representadas na súa realidade próxima.
CS	Relaciona profesións e o traballo que realizan, así como máquinas e ferramentas necesarias para o seu desempeño e a acción que fan.
CS	Describe oralmente o traballo que desempeña algún membro da súa familia, indicando o lugar e a actividade que realiza e incrementando o seu vocabulario.
CS	Observa e rexistra nunha táboa diferentes fenómenos atmosféricos que se poden dar na súa localidade.
CS	Selecciona algunha característica dunha paisaxe humanizada de Galicia e expresa a súa opinión sobre se é un recurso positivo ou negativo para as persoas.
CS	Coñece as distintas formas de organización do territorio próximo comparando e clasificando, de forma oral e escrita, as características que diferencian barrio-localidade, aldea-vila-cidade e enriquecendo o seu vocabulario.
CS	Coñece os sinais de tráfico máis básicos e nomea as normas básicas de seguridade viaria e utilízalas como peón e como usuario dos medios de transporte en excursións, saídas etc.
CS	Explica de maneira oral e/ou escrita o significado dalgúns sinais de tráfico para peóns.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
MAT	Aplica estratexias sinxelas (experimentación, exploración, analoxía, organización, codificación etc.) e procesos de razoamento seguindo unha orde no traballo e os pasos e procedementos necesarios na resolución de problemas da contorna escolar e familiar.
MAT	Realiza conxecturas sobre os resultados de problemas da contorna escolar e familiar.
MAT	Identifica e interpreta con axuda datos e mensaxes de textos numéricos sinxelos da contorna escolar e familiar (horarios, quendas, folletos publicitarios etc.).
MAT	Responde a problemas unha vez resoltos, expostos desde situacións da contorna escolar e familiar, sobre a coherencia da solución obtida.
MAT	Practica algunhas características do método científico no tratamento de situacións problemáticas da contorna escolar e familiar sendo ordenado no rexistro das súas observacións, datos e anotacións e na expresión dos procesos e resultados.
MAT	Responde o tratamento de situacións problemáticas da contorna escolar e familiar a preguntas como: Que quero pescudar?, Que teño?, Que busco?, A solución é adecuada?, Como se pode comprobar? etc.
MAT	No tratamento de problemas sinxelos da contorna escolar e familiar realiza aproximacións sobre os resultados esperados, cunha marxe de erro asumible, coa axuda de representacións gráficas, procesos de exploración e experimentación etc.
MAT	Enuncia comportamentos ou resultados posibles ou probables baseándose en situacións análogas na resolución de problemas da contorna escolar e familiar en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.
MAT	Expón preguntas na procura de respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas da contorna escolar e familiar.
MAT	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas da contorna escolar e familiar.
MAT	Le, escribe en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais ata o milleiro, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. Ordena parellas de números de dúas cifras.
MAT	Identifica en situacións da contorna escolar ou familiar números ordinais do 1.º ao 20.º.
MAT	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais ata o milleiro considerando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MAT	Descompón, compón e redondea números naturais ata o milleiro interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MAT	Ordena números naturais ata o milleiro.
MAT	Estima e comproba a coherencia do resultado dun problema mediante cálculo mental.
MAT	Realiza sumas e restas con números naturais ata o milleiro.
MAT	Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas.
MAT	Descompón, de forma aditiva, números menores do milleiro atendendo ao valor da posición das súas cifras.

MAT	Constrúe series numéricas (ata o milleiro), ascendentes e descendentes, de cadencias 2, 10, a partir de calquera número.
MAT	Descompón números naturais menores do milleiro, atendendo ao valor da posición das súas cifras.
MAT	Utiliza estratexias persoais de cálculo mental en cálculos simples relativos a suma, resta, dobres e metades en situacións da contorna inmediata.
MAT	Resolve problemas relacionados con situacións da contorna escolar e familiar que supoñen a lectura, escritura, interpretación e ordenación de números naturais ata o milleiro aplicando operacións de suma e resta.
MAT	Coñece a través da experiencia as unidades máis usuais do Sistema Métrico Decimal: lonxitude (m e cm), capacidade (L) e peso/masa (kg e g) na contorna escolar e familiar.
MAT	Compara lonxitudes, capacidades e masas na contorna escolar e familiar utilizando instrumentos adecuados habituais da aula e expresando o resultado en función do instrumento elixido.
MAT	Mide e compara lonxitudes, capacidades e masas na contorna escolar e familiar utilizando instrumentos adecuados habituais da aula e expresando o resultado en función do instrumento elixido.
MAT	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade ou masa obtidas en medicións realizadas na contorna escolar.
MAT	Resolve problemas sinxelos xurdidos da medición de lonxitudes, capacidades e masas na contorna escolar e familiar expresando o resultado en función do instrumento elixido e explicando oralmente o proceso seguido.
MAT	Coñece as unidades para medir o tempo (segundo, minuto, hora, día, semana, mes e ano) e utiliza a unidade adecuada para expresar duracións na contorna escolar.
MAT	Le a hora en reloxos dixitais e en reloxos analóxicos (en punto, cuartos e medias).
MAT	Resolve problemas relacionados coa contorna escolar utilizando as medidas temporais.
MAT	Utiliza, para resolver problemas de forma manipulativa en situacións da contorna escolar e familiar, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas (cincuenta céntimos, euro e dous euros) e billetes (cinco, dez, vinte e cincuenta euros) do sistema monetario da Unión Europea.
MAT	Resolve problemas relacionados con situacións da contorna escolar e familiar utilizando medidas de lonxitude, tempo e moeda.
MAT	Identifica posicións relativas de rectas e curvas na contorna escolar e familiar.
MAT	Recoñece ángulos agudos e obtusos na contorna escolar e familiar.
MAT	Identifica e diferencia na contorna escolar e familiar formas rectangulares, triangulares e descríbeseas mediante un vocabulario básico (líña curva ou recta, lados etc.).
MAT	Identifica e clasifica rectángulos e cadrados en obxectos da contorna escolar e familiar.
MAT	Localiza na contorna escolar e familiar circunferencias e círculos.
MAT	Compón de forma manipulativa figuras planas a partir doutras describindo aspectos concretos do resultado (diferenzas de forma, número de lados, tamaño etc.).
MAT	Recoñece e identifica intuitivamente na contorna escolar e familiar obxectos con forma de

	prisma.
MAT	Recoñece e identifica intuitivamente na contorna escolar e familiar obxectos con forma de esfera.
MAT	Resolve problemas xeométricos relacionados con situacións da contorna escolar e familiar utilizando os conceptos básicos de aliñamento, posición e paralelismo.
MAT	Recolle datos en situacións de observación na contorna escolar ou familiar e rexístraos en táboas, diagramas de barras e pictogramas.
MAT	Recolle, conta e agrupa datos en función dun criterio dado relativos á contorna escolar ou familiar expresando o resultado mediante pictogramas e diagramas de barras.
MAT	Interpreta datos en gráficos moi sinxelos (diagramas de barras e pictogramas) sobre situacións da contorna escolar e familiar.
MAT	Resolve problemas relacionados con situacións da contorna escolar e familiar expostos a partir diagramas de barras ou pictogramas.
MAT	Comunica verbalmente o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas en contextos da contorna escolar e familiar.
MAT	Comprende, coa axuda de pautas, o enunciado de problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema) da contorna escolar e familiar.
MAT	Describe posicións e movementos na contorna escolar en relación consigo mesmo e con outros puntos de referencia (diante-detrás, arriba-abaixo, dereita-esquerda, dentro-fóra etc.).
MAT	Recoñece e nomea na contorna escolar e familiar figuras planas de tres, catro, cinco e seis lados.
MAT	Comprende e describe posicións e percorridos na contorna escolar e na vida cotiá e interpreta representacións espaciais deles en esbozos de itinerario, planos etc. utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, recta, xiro e paralelismo.
CN	Expón oralmente, de forma pautada, experiencias e tarefas utilizando con claridade e adecuación o vocabulario específico traballado.
CN	Realiza con axuda, de forma individual ou en equipo, experiencias, tarefas sinxelas e proxectos sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc.; presentando as tarefas de maneira clara e limpa.
CN	Identifica e localiza, con axuda, algúns dos principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano: relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso, aparato locomotor etc.).
CN	Identifica, coa axuda do docente, as diferenzas básicas entre seres vivos e seres inertes.
CN	Coñece e identifica, coa axuda do docente, as principais partes da estrutura dos seres vivos.
CN	Observa, directa e indirectamente, e coñece múltiples formas de vida animal e vexetal da súa contorna máis próxima (fogar, escola etc.).
CN	Identifica e explica as relacións entre os seres vivos: cadeas alimentarias.
CN	Recoñece en debuxos, fotografías, vídeos etc. as plantas e animais da súa contorna.
CN	Coñece hábitats dos seres vivos da súa contorna próxima (fogar, escola etc.).
CN	Observa algún proceso asociado á vida dos seres vivos e comunica de maneira oral os

	resultados.
CN	Observa e identifica algúns materiais fixándose nas súas propiedades elementais: cheiro, sabor, textura, cor etc.
CN	Utiliza a báscula para pesarse.
CN	Planifica e realiza, coa axuda do docente, experiencias sinxelas e observa cambios no movemento dos corpos por efecto das forzas.
CN	Identifica algunha característica das enerxías: luminosa, sonora, eléctrica e térmica.
CN	Cofece as enerxías non-renovables.
CN	Realiza experiencias sobre o cambio de estado (sólido-líquido).
CN	Identifica diferentes máquinas do barrio.
CN	Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas da contorna do barrio e a súa utilidade para facilitar as actividades cotiás.
CN	Busca información concreta sobre feitos naturais da súa contorna máis próxima utilizando medios de observación directa (lupa, lupa binocular etc.) e consultando documentos escritos sinxelos, imaxes e gráficos e comunícao oralmente, con axuda.
CN	Cofece, identifica e adopta, habitualmente, hábitos saudables para previr enfermidades no ámbito familiar e escolar.
CS	Representa as nocións topolóxicas básicas con pictogramas, debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados e coñecidos.
CS	Observa e rexistra nunha táboa diferentes fenómenos atmosféricos que se poden dar na súa localidade.
CS	Asocia aparellos meteorolóxicos cotiáns mediante imaxes.
CS	Representa a súa pertenza simultánea aos diferentes espazos xeográficos: localidade, comunidade, país (por exemplo cun organizador de círculos concéntricos).
CS	Sitúa Galicia nun mapa de España.
CS	Ordena cronoloxicamente acontecementos importantes da súa propia vida e os acontecementos anuais no colexio nunha secuencia temporal.
CS	Utiliza formas adecuadas á situación de medida do tempo: días/semanas, meses/anos, onte/hoxe/mañá, antes/despois, no seu discurso.
CS	Recoñece o valor aproximado de obxectos e alimentos básicos da vida diaria.
CS	Interpreta planos sinxelos de espazos ou itinerarios cotiáns (en papel ou soporte dixital).
CS	Explica sinxelamente de forma oral, apoiándose en imaxes, o movemento de translación terrestre describindo as estacións como consecuencia deste movemento.
CS	Explica sinxelamente de forma oral, apoiándose en imaxes, o movemento de rotación describindo a sucesión do día e da noite como consecuencia deste movemento.
CS	Describe de forma oral, apoiándose en imaxes, a translación da Lúa e distingue as diferentes formas que presenta segundo a fase na que está.
CS	Recoñece o ciclo da auga coa axuda de imaxes, explica de forma oral como a auga está en continuo movemento e asócio ao cambio de estado.
CS	Observa imaxes de paisaxes e identifica os seus elementos clasificándoos segundo sexa

paisaxe de montaña, de chaira e de costa (por exemplo mediante un organizador gráfico).

COMPETENCIA DIXITAL

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
MAT	Reproduce e debuxa formas rectangulares e triangulares utilizando a regra.
LGL	Utiliza distintos programas educativos dixitais, coa axuda do mestre/a.
LGL	Escrebe textos breves propios do ámbito da vida cotiá: notas, felicitacións, convites... a partir da imitación de textos modelo.
CN	Coñece, coa axuda do docente, o uso adecuado teórico das TIC como recurso de lecer.
CS	Utiliza as TIC (Internet) para coñecer e aprender a terminoloxía adecuada aos temas tratados na aula.
CS	Interpreta imaxes, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións da aula.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
MAT	Revisa as operacións utilizadas tras a resolución dun problema relacionado con situacións da contorna escolar e familiar e comproba a coherencia das solucións no contexto da situación.
MAT	Desenvolve e mostra actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas: esforzo, perseveranza e espírito de superación.
MAT	Mostra interese na resolución de problemas da contorna escolar e familiar superando bloqueos e inseguridades ante situacións descoñecidas.
MAT	Responde preguntas concretas sobre problemas resoltos da contorna escolar e familiar e os procesos desenvolvidos, con incidencia directa nas ideas clave buscando referentes para situacións futuras similares.
MAT	Utiliza e automatiza algoritmos estándar da suma, resta de números naturais ata o milleiro, na resolución de problemas da contorna escolar e familiar e da vida cotiá.
MAT	Constrúe as táboas de multiplicar do 2, do 5 e do 10 utilizándoas para realizar cálculo mental.
MAT	Explica o proceso levado na resolución de problemas relacionados con situacións da contorna escolar e familiar revisando as operacións e as unidades dos resultados e comprobando e interpretando no contexto a coherencia das solucións.
MAT	Aplica estratexias sinxelas (experimentación, exploración, analoxía, organización, codificación etc.) e procesos de razoamento seguindo unha orde no traballo e os pasos e procedementos necesarios na resolución de problemas da contorna escolar e familiar.
MAT	Practica algunhas características do método científico no tratamento de situacións problemáticas da contorna escolar e familiar sendo ordenado no rexistro das súas observacións, datos e anotacións e na expresión dos procesos e resultados.
MAT	Responde ao tratamento de situacións problemáticas da contorna escolar e familiar a preguntas como: Que quero pescudar?, Que teño?, Que busco?, A solución é adecuada?, Como se pode comprobar? etc.
MAT	Estima e comproba a coherencia do resultado dun problema mediante cálculo mental.
MAT	Reproduce e debuxa formas rectangulares e triangulares utilizando a regra.
MAT	Compón de forma manipulativa figuras planas a partir doutras describindo aspectos concretos do resultado (diferenzas de forma, número de lados, tamaño etc.).
LGL	Expresa oralmente dunha maneira organizada feitos, vivencias e ideas.
LGL	Localiza información concreta na lectura de textos.
LGL	Realiza inferencias directas na lectura de textos.
LGL	Reescribe textos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros, planificándoos.
LGL	Redacta textos sinxelos relacionados coa experiencia infantil aténdose a modelos claros e revisándoos.
LGL	Identifica dunha maneira guiada algúns cambios que se producen nas palabras e nos textos

	sinxelos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.
LGL	Comprende a terminoloxía gramatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas coa produción e coa comprensión de textos.
CN	Cofece e aplica, con axuda e de forma guiada, estratexias para estudar e traballar de maneira eficaz (por exemplo subliñando, mediante palabras clave, títulos etc.).
CN	Manifesta certa autonomía na execución de accións e tarefas sinxelas.
CS	Interpreta imaxes, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións de aula.
CS	Aplica e xeneraliza a información aprendida en actividades tanto a nivel individual como de grupo.
CS	Observa e enumera os elementos do relevo da súa localidade.
CS	Sinala a procedencia dalgúns produtos alimenticios da vida diaria, identificando a orixe e describindo algúns traballos que se levaron a cabo desde a súa orixe ata a súa vida diaria.
CS	Clasifica os diferentes traballos como os asociados á produción (natureza), á elaboración (fábricas) e á distribución do produto (servizos) (por exemplo cun organizador gráfico).
CS	Investiga o funcionamento dunha tenda partindo dun establecemento común de venda na súa localidade: a compra de mercadorías, a chegada dos produtos e a organización destes para a venda.
CS	Compara e contrasta a súa propia vida coa infancia dos seus pais utilizando fotografías, películas e outras fontes.

COMPETENCIA SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
MAT	Toma decisións nos procesos de resolución de problemas da contorna escolar e familiar.
LGL	Escrebe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características básicas do tipo de texto (notas, receitas, felicitacións, invitacións, carteis e cartas) imitando textos modelo.
LGL	Presenta e redacta con limpeza, claridade e orde os escritos sinxelos grazas ao proceso previo guiado de xeración de ideas. Emprega para os seus escritos recursos e estratexias que lle axudan a xerar ideas.
CN	Realiza a montaxe e a desmontaxe de pezas cun modelo dado.
CS	Realiza con esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira clara e limpa.
CS	Mostra actitudes de confianza en si mesmo, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe que o fan participativo nas actividades propostas.
CS	Manifesta autonomía na realización de accións e tarefas da aula e aprende a tomar decisións persoais coa axuda dun adulto.
CS	Recoñece o valor aproximado de obxectos e de alimentos básicos da vida diaria.
CS	Aplica e xeneraliza a información aprendida en actividades tanto a nivel individual como de grupo.
CS	Recoñece o que é un anuncio e identifícao nos diferentes medios: prensa, radio, televisión, folletos publicitarios, Internet etc.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
LGL	Escoita as intervencións dos compañeiros mostrando respecto polas ideas, sentimentos e emocións dos demais.
LGL	Aplica as normas sociocomunicativas: respecto pola quenda de palabra, escoita activa, participación respectuosa e primeiras fórmulas de cortesía.
LGL	Esfórzase por escribir correctamente (grafía, orde e limpeza) de forma persoal enunciados e textos breves.
LGL	Actúa en dramatizacións moi sinxelas de textos literarios individualmente e en grupo.
CN	Coñece, coida e utiliza os instrumentos e materiais de maneira segura.
CN	Coñece, identifica e adopta, habitualmente, hábitos saudables para previr enfermidades no ámbito familiar e escolar.
CN	Identifica emocións e sentimentos propios dos seus compañeiros e dos adultos.
CN	Mostra condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos da súa contorna próxima.
CN	Coñece, coida e utiliza os instrumentos de observación e os materiais de maneira segura coa axuda do docente.
CN	Realiza con axuda, de forma individual ou en equipo, experiencias, tarefas sinxelas e proxectos sobre o ser humano, a saúde, os seres vivos etc.; presentando as tarefas de maneira clara e limpa.
CS	Recoñece o que é un anuncio e identifícao nos diferentes medios: prensa, radio, televisión, folletos publicitarios, Internet etc.
CS	Coñece os sinais de tráfico máis básicos e nomea as normas básicas de seguridade viaria e utilízalas como peón e como usuario dos medios de transporte en excursións, saídas etc.
CS	Explica de maneira oral e/ou escrita o significado dalgúns sinais de tráfico para peóns.
CS	Aprende habilidades para realizar actividades en equipo e identifica habilidades para a resolución pacífica de conflitos na aula.
CS	Participa en actividades de grupo e iníciase no respecto dos principios básicos do funcionamento democrático (respectar a quenda de palabra e as opinións, escoitar os demais...).
CS	Demuestra a importancia dunha convivencia pacífica entre os compañeiros do colexio.
CS	Participa na vida social da aula e iníciase no uso de habilidades para resolver conflitos en situacións de traballo en grupo.
CS	Identifica os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados na súa contorna máis próxima.
CS	Recoñece que a cooperación e o diálogo evitan e resolven conflitos en situacións de traballo de grupo e asemblea.
CS	Aplica habilidades de colaboración e de traballo en equipo e escoita e respecta as ideas dos compañeiros na aula.

CS	Realiza actividades en grupo, toma decisións e acepta responsabilidades en situacións de traballo de grupo (por exemplo grupo cooperativo).
CS	Observa, comproba e enumera as características da auga e fai un uso responsable dela.
CS	Selecciona algunha característica dunha paisaxe humanizada de Galicia e expresa a súa opinión sobre se é un recurso positivo ou negativo para as persoas.
CS	Explica, de forma oral, as diferentes estruturas da familia e enumera as tarefas domésticas sinalando nas que pode tomar parte responsablemente.
CS	Desenvolve destrezas e pautas para participar e integrarse na vida escolar e para evitar e resolver os conflitos respectando as normas de convivencia do centro no seu comportamento diario.
CS	Cofece as distintas formas de organización do territorio próximo comparando e clasificando, de forma oral e escrita, as características que diferencian barrio-localidade, aldea-vila-cidade e enriquecendo o seu vocabulario.
CS	Mostra unha conduta adecuada nas visitas a espazos culturais e respecta os seus elementos artísticos.
CS	Localiza nun plano da localidade algúns elementos de valor cultural e artístico e asóciaos a algunhas das festividades da súa localidade: orixe, costumes etc.
CS	Representa a súa pertenza simultánea aos diferentes espazos xeográficos: localidade, comunidade, país (por exemplo cun organizador de círculos concéntricos).
CS	Recoñece e nomea os xentilicios da súa localidade, provincia e dalgunhas provincias españolas, así como algunhas nacionalidades europeas próximas ou mundiais que puidesen estar representadas na súa realidade próxima.
CS	Relaciona profesións e o traballo que realizan, así como máquinas e ferramentas necesarias para o seu desempeño e a acción que fan.
CS	Describe oralmente o traballo que desempeña algún membro da súa familia, indicando o lugar e a actividade que realiza e incrementando o seu vocabulario.
CS	Sinala a procedencia dalgunhs produtos alimenticios da vida diaria, identificando a orixe e describindo algúns traballos que se levaron a cabo desde a súa orixe ata a súa vida diaria.
CS	Clasifica os diferentes traballos como os asociados á produción (natureza), á elaboración (fábricas) e á distribución do produto (servizos) (por exemplo cun organizador gráfico).
CS	Compara e contrasta a súa propia vida coa infancia dos seus pais utilizando fotografías, películas e outras fontes.

MPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

2.º Educación Primaria

Área	Estándar de aprendizaxe
LGL	Coñece a existencia de diferentes linguas en España e a realidade plurilingüe do mundo. Valora o uso da lingua galega en calquera contexto.
LGL	Coñece textos de tradición oral e literatura infantil.
CS	Localiza nun plano da localidade algúns elementos de valor cultural e artístico e asóciaos a algunhas das festividades da súa localidade: orixe, costumes etc.

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos				
	Escritos	Orais	Observación directa y sistemática	Outros
In st ru m en to s	<ul style="list-style-type: none"> •Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase. •Actividades de avaliación (copias, probas escritas individuais...). • Traballos de grupo. • Resolución de exercicios e problemas. • Actividades interactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> •Preguntas individuais e por grupo. •Participación do alumno/a. • Intervencións na clase. • Postas en común. • Probas orais individuais. • Exposicións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistros anecdóticos persoais. • Rexistros de incidencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Caderno do profesor.

7. Criterios de cualificación

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das competencias do alumno/a de Segundo Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

	<i>Criterios</i>
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none">• Realización sen axuda externa.• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.• Orde e limpeza na presentación.• Caligrafía.• Destrezas.• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.• Valoración entre o traballo da aula e o da casa.• Creatividade.
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none">• Valoración da aprendizaxe dos contidos.• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.• Valoración do tempo investido e do tempo necesario para resolver unha actividade.• Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.• Caligrafía lexible.• Tempo de realización.• Destrezas.
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none">• Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática.• Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.• Tipo de participación (autónoma, con apoio, ningunha).• Grao de elaboración da resposta.• Interese, motivación.
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipos de respostas...).	<ul style="list-style-type: none">• Nivel e calidade das intervencións.• Mensaxe estruturada.• Uso de léxico apropiado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese.
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e de como se levou a cabo.
6. Arquivo de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Traballos actualizados. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo.

8. Metodoloxía

A área de Ciencias Sociais, a partir do recoñecemento da propia identidade e da contorna máis próxima, inicia os alumnos no coñecemento, na análise e na valoración da contorna física.

O ensino da área toma como base para futuras aprendizaxes os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto coa contorna. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e ás súas relacións cos demais, como ao coñecemento e coidado da contorna natural.

Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia entre diferentes pensamentos. Ao redor destas diverxencias é onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico e as posibles respostas dos alumnos.

A observación sistemática en situacións diversas e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Ciencias Sociais.

A **integración das competencias e das intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo e da selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que vaian utilizar, así como respecto da elaboración e da presentación do proxecto, da súa corrección e, finalmente, da exposición. Todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo, que permite desenvolver tanto a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas e a reflexión sobre as propias ideas.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumnado, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, favorecer a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de sínteses e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen o seguinte:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para os alumnos de Segundo Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Divídense en niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.

9. Ensinanzas transversais de Segundo Curso

Educación para a igualdade entre sexos

- Recoñecer distintas profesións evitando calquera estereotipo sexista.
- Colaborar nas tarefas domésticas e escolares.

Educación do consumidor

- Tomar conciencia da necesidade do comercio e asumir boas prácticas para un consumo responsable.

Educación ambiental

- Coñecer o medio como un sistema en que todos os elementos son interdependentes e onde o ser humano é un elemento máis, capaz de actuar sobre el e modificalo.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no ambiente e tomar conciencia da deterioración que causan.
- Adoptar pautas de comportamento na vida cotiá para a defensa do medio e o consumo responsable da auga.

Educación para a paz

- Utilizar o diálogo nas relacións interpersoais e na resolución de conflitos.

Educación moral e cívica

- Coñecer o funcionamento dalgunhas organizacións sociais da contorna e valorar o diálogo como instrumento para solucionar os problemas de convivencia.

Educación viaria

- Coñecer e respectar as normas básicas de seguridade viaria.

Educación para o lecer

- Desenvolver a capacidade de aproveitar o tempo de lecer e actividades que fomenten o desenvolvemento persoal.

10. Organización de espazos

Trátase de explicitar en que espazos se van desenvolver as aprendizaxes e a diversidade de propostas establecidas.

Espazos	Secuencia
<ul style="list-style-type: none">• Aula:<ul style="list-style-type: none">- Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...).- A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma.- Distribución posible en grupos, asembleas, recunchos de xogo e traballo individual.• Espazos comúns:<ul style="list-style-type: none">- Patio, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática...• Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas...):<ul style="list-style-type: none">- Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación e de consolidación e estudo autónomo.	<ul style="list-style-type: none">• Motivación inicial e activación de coñecementos previos.• Desenvolvemento dos contidos e das actividades.• Actividades de reforzo e/ou ampliación.• Avaliación.

12. Atención á diversidade

Relación das diferentes propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos.

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** os contidos nucleares da unidade didáctica preséntanse de forma máis pautada, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición das competencias por parte do alumnado.
- **AMPLIACIÓN:** fichas para fotocopiar con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do ciclo etc.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** contéplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS:** dirixidos aos alumnos que os requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** posibilitan que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Deste xeito, nunha mesma aula posibilitase traballar a diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.
- **ENSINANZA CON TITOR.**
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

13. Estratexias para estimular o interese e o hábito da lectura e para desenvolver a expresión oral e escrita

Lectura:

- Textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).
- Textos en soporte dixital (Internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes e/ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción e revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

14. Estratexias para incorporar as TIC

Para incorporar as TIC propuxéronse unha serie de recursos **integrados** cos contidos e coas actividades de Ciencias Sociais para Segundo Curso, aos que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	<ul style="list-style-type: none">• Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	<ul style="list-style-type: none">• Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento.

15. Actividades complementarias e extraescolares

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa área de Ciencias Sociais.

Exemplo:

- Actividades de animación lectora.
- Participación en obradoiros, *Día de...* etc.
- Asistencia a xornadas, obras de teatro..., interesantes desde o punto de vista da área.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

VALORES SOCIAIS
E CÍVICOS

EP Segundo Curso

○ **Obxectivos en clave de competencias**

1. Fomentar a autopercepción, a autovaloración e a identificación positiva das calidades persoais e as emocións, para desenvolver un autoconcepto axustado á realidade.
2. Favorecer a autorregulación conductual a través do diálogo interior e de estratexias sinxelas de pensamento positivo.
3. Considerar a importancia de levar a cabo as tarefas escolares encomendadas con interese e responsabilidade, atendendo ás pautas establecidas.
4. Aprender a valorar os dereitos dos nenos e referentes á saúde, a educación e o cariño, así como asumir deberes diversos no ámbito familiar e escolar.
5. Aprender a utilizar estratexias de comunicación non verbal e reflexionar antes de comunicar ideas e pensamentos, interrelacionando ambas as dúas linguaxes en función do interlocutor e da mensaxe que se desexa transmitir.
6. Desenvolver a escoita activa, a empatía e a expresión clara de ideas e pensamentos para mellorar a comunicación e a comprensión, e o respecto nas relacións interpersoais.
7. Valorar e respectar as características individuais, aceptando as súas diferenzas e aproveitando a riqueza que xera a diversidade.
8. Analizar e expresar os intereses e as necesidades propios para mellorar aspectos tales como: as habilidades sociais, as relacións de amizade e o traballo en equipo, tomando conciencia da importancia do valor do esforzo para o logro de obxectivos comúns.
9. Coñecer e respectar as normas de convivencia en contextos formais e informais para evitar desigualdades, desenvolver unha maior implicación persoal e facilitar as relacións interpersoais e a participación democrática.
10. Recoñecer situacións agradables e desagradables que se dan en ámbitos próximos para anticipar e resolver conflitos, tendo en conta varios puntos de vista, utilizando vías pacíficas de resolución e tendo sempre en conta diversos puntos de vista.
11. Tomar conciencia da importancia de facer un uso responsable dos materiais e os recursos que temos ao noso alcance para favorecer a conservación do medio.
12. Coñecer normas básicas de educación vial e de seguridade en medios de transporte públicos e privados para desenvolver actitudes responsables que aseguren a convivencia de acordo a uns valores cívicos socialmente establecidos.
13. Autoavaliar os contidos aprendidos sobre un mesmo, as relacións interpersoais, a convivencia e os valores implícitos nela, para tomar conciencia dos pasos seguidos e os logros alcanzados no proceso de ensino-aprendizaxe, e implicarse persoalmente na aprendizaxe.

○ **Secuencia e temporalización de Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe**

1º Trimestre

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> • O que son capaz de facer. • Como melloro grazas á confianza dos demais. • Canto me queren pola miña forma de ser. • Todo o que xa fago só. • Todo o que fago colaborando cos demais. • Cada vez atrevome a facer máis cousas. • A educación é un dereito. • Respecto aos demais, porque todos somos persoas. • Aprecio as diferenzas. 	1. Consolidar unha forma persoal de ser respectable e digna.	1.1. Explica a importancia de quererse a un mesmo e de querer aos demais.	CCL, CSEC
		1.2. Actúa de xeito respectable e digno.	CAA, CSEC, SIEP
	2. Asumir as calidades propias como un punto de partida para mellorar mediante o esforzo.	2.1. Recoñece as súas calidades, aprecia as súas virtudes e asume os seus defectos.	CCL, CSEC
		2.2. Traballa en equipo, valorando o esforzo individual e colectivo.	CAA, CSEC, SIEP
	3. Esforzarse para conseguir alcanzar metas positivamente valiosas individuais e colectivas.	3.1. Xera confianza nos seus compañeiros a través do seu esforzo.	CSEC
		3.2. Propón solucións para problemas de traballo en grupo.	CSEC, SIEP
	4. Valorar a importancia da perseveranza na construción da personalidade.	4.1. Recoñece, describe e aprecia estratexias de resiliencia.	CAA, CSEC, SIEP
		4.2. Representa a súa personalidade de xeito positivo.	CSEC, SIEP

	5. Adquirir capacidades que permitan decidir con independencia.	5.1. Expresa oralmente e por escrito os seus sentimentos e emocións de xeito adecuado.	CCL, CAA, CSEC
	6. Mellorar na resistencia á frustración como algo conveniente para superar as dificultades da vida.	6.1. Reflexiona sobre as dificultades e o mellor modo de solucionarlas.	CAA, CSEC, SIEP
		6.2. Optimiza recursos persoais apoiándose nas súas fortalezas.	CSEC, SIEP
	7. Entender a importancia de dereitos básicos como é a educación.	7.1. Entende a importancia dunha boa educación.	CAA, CSEC
		7.2. Intenta mellorar os seus hábitos escolares.	CSEC, SIEP
	8. Establecer relacións persoais baseadas no respecto aos demais.	8.1. Asume a igualdade de dereitos a pesar das diferenzas persoais.	CSEC
	9. Respetar as diferenzas persoais e contribuír á mellora das relacións cos compañeiros.	9.1. Mostra unha actitude tolerante cara aos demais.	CAA, CSEC
		9.2. Respecta os seus compañeiros e intenta relacionarse positivamente con eles.	SIEP, CEC

2º Trimestre

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> • A comunicación empática e respectuosa. • A necesidade de falar ordenadamente empregando argumentos e de escoitar. • Somos capaces de decidir en común. • Os medios de comunicación e as novas tecnoloxías • O respecto aos que son diferentes. • Portámonos ben na casa. • A loita contra os prexuízos. 	1. Utilizar a linguaxe non verbal de xeito adecuado.	1.1. Percibe a relación entre os xestos e as emocións persoais.	CCL, CSEC, SIEP
	2. Escoitar e sentir de xeito empático, desenvolvendo relacións de amizade.	2.1. Valora a amizade.	CSEC
		2.2. Capta as emocións das persoas que o rodean.	CCL, CAA
	3. Organizar os argumentos de xeito adecuado.	3.1. Entende a importancia de pensar ben o que desexa comunicar.	CCL, CSEC
		3.2. Utiliza a linguaxe dun xeito adecuado ás circunstancias.	CCL, CMCT, CSEC
	4. Comunicar eficazmente sentimentos.	4.1. Comunica os sentimentos mediante as expresións.	CCL, CAA, CSEC
	5. Establecer relacións persoais positivas cos compañeiros.	5.1. Recoñece actitudes agresivas e os perigos que levan consigo.	CAA, CSEC
		5.2. Sabe actuar de xeito asertivo ante os demais.	CSEC, SIEP
	6. Coñecer e valorar os medios de comunicación e as novas tecnoloxías.	6.1. Coñece os principais medios de comunicación e úsaos con precaución.	CCL, CSEC, CEC

	7. Implicarse no respecto ás normas do fogar e do centro escolar.	7.1. Coñece e asume que existen obrigas que debe cumprir.	CSEC, SIEP
		7.2. Colabora na casa e no centro escolar.	CSEC, SIEP
	8. Valorar a igualdade e rexeitar a discriminación.	8.1. Axuíza criticamente prexuizos.	CSEC, CEC

3º Trimestre

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<ul style="list-style-type: none"> • Portámonos ben no colexio e respectamos o material. • Somos educados e portámonos ben. • Traballamos en equipo para lograr obxectivos comúns. • Portámonos ben na casa. • Respectamos as normas. • Coidamos o medio (reciclamos). 	1. Recoñecer e respectar as normas da clase.	1.1. Recorda e expón as normas principais de conduta na aula.	CCL, CSEC
		1.2. Respecta as normas da clase.	CSEC, SIEP
	2. Respectar as normas de boa conduta e actuar de xeito democrático	2.1. Entende o valor das normas de boa conduta.	CSEC
		2.2. Intenta comportarse de xeito democrático e respectuoso.	SIEP

<ul style="list-style-type: none"> • Temos precaución na rúa cos vehículos. 	<p>3. Rexeitar a discriminación e colaborar cos compañeiros.</p>	<p>3.1. Traballa en equipo colaborando positivamente.</p>	CCL
		<p>3.2. Entende a necesidade de axustarse a normas.</p>	CMCT, SIEP
		<p>3.3. Rexeita a discriminación.</p>	CSEC, CEC
	<p>4. Entender a importancia do cumprimento dos deberes no fogar.</p>	<p>4.1. Recoñece a existencia de deberes na convivencia doméstica.</p>	CSEC
		<p>4.2. Trata de cumprir as obrigas no fogar.</p>	CSEC, SIEP
	<p>5. Participar de xeito activo na vida cívica asumindo a importancia do respecto ás normas.</p>	<p>5.1. Coñece e asume a existencia de normas sociais.</p>	CSEC, SIEP
		<p>5.2. Cumpre normas que axudan a protexerse a si mesmo</p>	CSEC
	<p>6. Contribuír á conservación do medio.</p>	<p>6.1. Aprende e explica a importancia de conservar o medio.</p>	CCL, CMCT
		<p>6.2. Coñece e utiliza instrumentos encamiñados á conservación da natureza.</p>	CD, CSEC, SIEP
	<p>7. Coñecer as normas de seguridade vial e os riscos de accidente.</p>	<p>7.1. Coñece a existencia de normas de seguridade vial e procura respectalas.</p>	CSEC, SIEP

- **Contidos:**

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

O autoconcepto. A autopercepción. A autoimaxe. A autovaloración positiva. As calidades persoais. A percepción de emocións. O recoñecemento das emocións. A linguaxe emocional.

O autocontrol. O diálogo interior. A autorregulación da conduta. O pensamento positivo.

A responsabilidade. A realización responsable de tarefas escolares. A automotivación. O interese.

Os dereitos e deberes da persoa. A Declaración dos Dereitos do Neno: saúde, cariño e educación. A igualdade de dereitos de nenos e nenas respecto ás responsabilidades nos ámbitos familiar e escolar.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

As habilidades de comunicación. O uso dos compoñentes da comunicación non verbal: contacto visual e movemento de brazos e mans. A preparación da comunicación verbal: pensar antes de expresarse.

O diálogo. A expresión clara das ideas. A disposición de escoitar. A comprensión das ideas doutras persoas e a súa forma de expresalas.

A empatía. Poñerse no lugar doutro. A simpatía como inclinación afectiva entre persoas.

O respecto e a valoración do outro. A apreciación das calidades doutras persoas. A aceptación das diferenzas. A valoración do respecto e a aceptación do outro.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

As habilidades sociais. A expresión clara das propias necesidades. A percepción das necesidades doutros. A unión de esforzos cun obxectivo común. O valor da amizade.

As normas de convivencia. O coñecemento e o respecto das normas de convivencia no grupo de amigos e no centro. A implicación coas persoas en situacións próximas. A participación no benestar da familia.

A resolución do conflito. A expresión verbal e non verbal de situacións agradables e desagradables da vida cotiá. A representación de conflitos habituais desde o punto de vista das dúas partes.

O respecto e a conservación do medio. A contribución ao uso responsable por todos, dos materiais persoais e da clase.

A educación vial. As normas básicas de educación vial para os peóns. O uso responsable dos medios de transporte.

○ **Criterios de Avaliación:**

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

1. Formar unha imaxe axustada de si mesmo sobre a base das autopercepcións de sentimentos e a autodescrición de calidades.
2. Utilizar o diálogo interior para aprender a pensar por si mesmo, autorregular a conduta, xerar pensamentos positivos motivadores e sacar conclusións das aprendizaxes.
3. Realizar con interese e responsabilidade as tarefas escolares, de acordo coas orientacións dadas.
4. Comprender a importancia dos dereitos dos nenos e as nenas relativos á saúde, á educación e ó cariño, e dar razóns sinxelas para a valoración de condutas positivas e negativas en relación á protección destes dereitos.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1. Preparar a comunicación, falar mantendo o contacto visual, entoar de acordo aos sentimentos expresados e utilizar brazos e mans adecuadamente.
2. Enunciar claramente as ideas, escoitar cunha disposición adecuada e comprender as ideas doutras persoas, así como a súa forma de expresalas nunha situación de diálogo.
3. Tomar a iniciativa no establecemento de relacións interpersoais, poñerse no lugar do outro, mostrar simpatía e establecer relacións de amizade.
4. Valorar o respecto e a aceptación do outro, apreciar as calidades doutras persoas e aceptar as diferenzas.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1. Exercitar habilidades sociais que contribúen a valorar a amizade e a lograr un obxectivo común mediante a unión de esforzos.
2. Apreciar as vías pacíficas de afrontar os problemas coas persoas, dialogar con elas, comprendelas, aceptalas e chegar a acordos.
3. Coñecer e comprender os valores e as normas de convivencia que facilitan as relacións, facéndoo máis doadas e agradables para todos.
4. Percibir a beleza da natureza, gozar do contorno e valorar a conservación do medio, respectándoo e contribuíndo ao seu mantemento e mellora.
5. Estimar positivamente o respecto das normas de tráfico e realizar un uso responsable dos medios de transporte.

- **Estándares de Aprendizaxe:**

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

- 1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus sentimentos e estados de ánimo en composicións libres.
- 1.2. Ten unha imaxe de si mesmo coherente coas percepcións cotiás das súas calidades e estados de ánimo.
- 1.3. Razona e expón as relacións entre as súas experiencias e os seus estados de ánimo.
- 2.1. Detecta en si mesmo sentimentos negativos e utiliza estratexias sinxelas para transformalos.
- 2.2. Comprende e valora a utilidade das aprendizaxes realizadas para mellorar o seu benestar.
- 2.3. É capaz de motivarse mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.
- 3.1. Realiza con responsabilidade as tarefas.
- 3.2. Segue as directrices de realización das tarefas que recibe e aplícaas en situacións posteriores.
- 3.3. Toma iniciativas de actuación na aula e móstrase entusiasta.
- 3.4. Comprende e expón publicamente a importancia de que todos os nenos e as nenas reciban unha educación que lles permita desenvolverse ao máximo das súas posibilidades para ter unha boa autoestima e prepararse para a idade adulta.
- 3.5. Razona verbalmente sobre as consecuencias de que os nenos non teñan a oportunidade de crecer e desenvolverse con boa saúde.
- 3.6. Respecta a igualdade de dereitos de nenos e nenas respecto ás responsabilidades no ámbito escolar.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

- 1.1. Coordina a comunicación verbal e a non verbal no diálogo.
- 1.2. Interpreta a expresión non verbal dos seus interlocutores en situacións de comunicación informal.
- 1.3. Asocia a expresión de emocións coa linguaxe non verbal que utilizan os personaxes de ficción.
- 1.4. Pensa antes de expresarse.
- 1.5. Comunícase tendo en conta as características do seu interlocutor e respectándoas en calquera contexto.
- 2.1. Mostra gusto e interese por dialogar, respecta a quenda de palabra e dálles a oportunidade aos demais de falar.
- 2.2. Comprende e aprecia a expresión que fan outras persoas dos trazos culturais que as caracterizan durante os intercambios de ideas.
- 2.3. Respecta as diferentes formas de pensar e non pretende ter sempre razón nos debates.
- 3.1. Comeza relacións, inicia conversacións e suxire actividades no ámbito escolar.
- 3.2. Establece e mantén relacións de amizade con diferentes persoas.
- 3.3. Respecta os estados de ánimo doutras persoas e tenos en conta durante o traballo colaborador na aula.
- 4.1. Identifica diferentes maneiras de actuar, compréndelas e toléraas.
- 4.2. Adopta unha actitude positiva ante as diferenzas individuais.
- 4.3. Respecta e valora as calidades dos demais en actividades de avaliación.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

- 1.1. Percibe os intereses e as necesidades doutras persoas e tenos en conta durante o traballo por pares.
- 1.2. Ofrece e recibe axuda utilizando fórmulas de cortesía ao realizar as tarefas escolares.
- 1.3. Mostra unha actitude positiva e interese en colaborar e traballar en equipo.
- 1.4. Valora a amizade e coida as relacións de forma manifesta.
- 2.1. Razona o valor da resolución pacífica dos problemas.
- 2.2. Comprende e acepta os seus compañeiros, e achégase aos seus posicionamentos nos debates e os traballos cooperativos.
- 2.3. Explica un problema e ofrece algunhas solucións en público.
- 3.1. Acepta e respecta as normas da comunidade escolar.
- 3.2. Coñece e expón por escrito valores básicos que favorecen a vida en común.
- 3.3. Explica problemas que xera a desigualdade de oportunidades entre xéneros en situacións reais.
- 3.4. Toma a iniciativa ao rexeitar discriminacións na aula.
- 4.1. Dramatiza o modo en que goza de determinados elementos do contorno.
- 4.2. Toma iniciativas para conservar o medio escolar e melloralo.
- 4.3. Expón actividades que degradan a natureza mediante carteis e murais.
- 5.1. Argumenta a necesidade dalgúns normas de tráfico básicas.
- 5.2. Representa e dramatiza o modo adecuado de viaxar en diversos medios de transporte.
- 5.3. Explica algunha razón pola que son necesarias medidas de seguridade básicas nos medios de transporte públicos e privados.

○ **Avaliación das Competencias**

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<p>Coidado do ámbito ambiental e dos seres vivos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	<p>Vida saudable</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
